

CIRCUÍTO

Galego Xuvenil de Tenis Babolat 2019



FGTennis

PLAY

Babolat

Coca-Cola



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



MERCANTIL
A FAZENDA DA ALFARZABE



Rial
club de tenis y pádel



GADIS

Astros Marvi

fb
edutone

Zenit



O Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat organizado pola Federación Galega de Tenis, disputarase nas categorías Alevín, Infantil, Cadete e Júnior masculino e feminino.

As sedes serán establecidas pola Federación Galega de Tenis. Poderán participar nel todos/as os/as xogadores/as con licenza federativa en vigor pola RFET na tempada en que se realicen as probas, nas seguintes condicións:

O Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat estará formado por:

- a) Cinco torneos en cada categoría.
- b) Campionatos Galegos Alevín, Infantil (Manuel Alonso), Cadete e Júnior.
- c) Máster do Circuito.

A Federación Galega de Tenis resérvase o dereito de facer algunha modificación no regulamento da competición se así o estima oportuno.

DIVISIÓNS

Nas probas do Circuito estableceranse divisións en función do número de xogadores e xogadoras inscritos/as e non haberá fase previa.

Nos Campionatos Galegos, o acceso será polo ranking nacional e se fora necesario se xogará fase previa.

Establécese un regulamento onde o sistema de entradas e o seguinte:

Regulamento de entradas e tamaño dos cadros				
Xog. Inscritos/as	Primeira	Segunda	Terceira	Campionatos Galegos
1-12	12			32
13 a 16	16			
17-24	Máx. 16	8		
25-28	12	Máx. 16		
29-32	Máx. 16	16		
33-36	12	Máx. 16	8	
37 ou máis	Máx. 16	16	Aberta	
Acceso Ranking Nac.	50%	50%	50%	100%
Acceso Puntos Circuito	50%	50%	50%	-
Previa	-	-	-	Aberta
Accesos de previa	-	-	-	8

1. O acceso aos cadros seguirá a seguinte norma:

1º. 50% polo ranking Babolat.*

2º. 50% polo ranking Nacional.

* Na primeira proba as/os xogadoras/es aceptados directamente saen por clasificación nacional. Esta norma non será aplicada nos Campionatos Galegos, nos que o acceso será polo ranking nacional.

No caso de igualdade en puntos Babolat, terá preferencia o/a xogador/a que teña un mellor ránking nacional e viceversa. Se houbera igualdade en ámbolos dous rankings o desempate será por sorteo.

2. O xogador ou a xogadora que quede campión ou campioa dunha categoría, terá unha praza directa para xogar na categoría superior. Para poder acceder a esta praza, terá que solicitalo por escrito nas observacións no momento da inscrición. En caso de non solicitalo, ocupará a praza que lle corresponda segundo os criterios de acceso especificados no punto 1.
3. A Federación Galega de Tenis resérvase 4 prazas de WC para cada división, que poderá utilizar se o considera oportuno.
4. As/os xogadoras/es poderán inscribirse en dúas categorías como máximo e deberán xogar, se así o estima oportuno o Xuíz Árbitro, os partidos que correspondan a cada categoría nunha soa xornada.

5. As/Os xogadoras/es que na mesma semana sexan convocadas/os para representar a Federación Galega de Tenis, deberán recibir autorización por parte da FGTenis para participar na proba do Circuito.
6. As/os xogadoras/es que non teñan licenza da Federación Galega, poderán disputar todas as probas do Circuito, a excepción dos campionatos galegos alevín, infantil, cadete e júnior.
7. Todos os partidos deberán xogarse no club organizador, salvo que o xuíz árbitro considere necesario desprazar algún partido a outro club para garantir o bo desenvolvemento do torneo.

CABEZAS DE SERIE

Regulamento cabezas de serie			
	Cadro Final	8 a 23	24 a 32
	Cabezas de serie	4	8

- O criterio para establecer os cabezas de serie será a clasificación nacional.

* Nos Campionatos Galegos os cabezas de serie serán designados pola Federación Galega de Tenis, a excepción do Campionato Galego Cadete e Júnior que serán por clasificación nacional.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN

1. Campionatos Galegos.
 1. Cadros Principais a 3 sets. Fases previas 3 sets ou 2 sets + super tie break.
2. Resto das probas
 1. 2sets + súper tie break

SISTEMA DE CLASIFICACIÓN – RANKING CIRCUITO

1. As/os xogadoras/es participantes nas probas do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat conseguirán puntos do Circuito, segundo a táboa:

Regulamento de puntuación do Circuito				
Rolda	División 1ª	División 2ª	División 3ª	Campionatos Galegos
Campión/Campioa	50	20	12	100
Finalista	40	15	10	80
Semifinalistas	30	10	8	60
Cuarto finalistas	20	8	5	40
Oitavos	15	6	3	30
Dezaseisavos	-	-		20
Previa Final				15
Previa SF				10
Previa CF				5

- O/A xogador/a que perda en primeira rolda, conseguirá 8 puntos na primeira división, 4 puntos na segunda división e 2 puntos na terceira división (independentemente da rolda que sexa, este/a xogador/a unicamente sumará estes puntos). O/A xogador/a que non dispute ningún partido (w.o.), non conseguirá ningún punto.
- A partir da terceira proba disputada por cada xogador/a, aplicase o seguinte coeficiente multiplicador sobre os puntos conseguidos nesa proba:
 - 4ª proba: Puntos proba x 1,25
 - 5ª proba: Puntos proba x 1,5

ARBITRAXE

1. Habará árbitros nas finais das primeiras divisións do Circuito.

PENALIZACIÓN

1. Un/ha xogador/a que sexa expulsado/a dunha proba quedará tamén excluído/a de tódalas categorías nas que participe nese torneo, ademais, non terá dereito a recibir puntos do Circuito por ese torneo.
2. Esta penalización non exclúe outras posibles sancións que poidan aplicar os órganos sancionadores competentes.

MÁSTER BABOLAT

- A finalización do Circuito as/os 8 xogadoras/es mellor clasificadas/os en cada categoría, poderán disputar o MÁSTER do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat onde se repartirá material deportivo entre as/os participantes.
- Para poder optar o Máster é obrigatorio xogar polo menos 3 das 6 probas que hai no Circuito.
- Como criterio de clasificación, terán prioridade as/os xogadoras/es que houberan participado en alomenos 3 probas na primeira división.
- Ao finalizar as probas do Circuito, a Federación publicará o listado de clasificados/as (e suplentes). Para disputar o Máster, é necesario confirmar asistencia, en caso de non facelo, o posto será ocupado polo 1º suplente confirmado e así sucesivamente ata completar as/os 8 xogadoras/es.
- No caso de non cubrirse as prazas, a FGT resérvase WC para ocupar as vacantes.
- O formato do Máster será:
 - Cadro de 8 xogadores/as das categorías
 - Alevín
 - Infantil
 - Cadete
 - Júnior
 - Cadro de 8 parellas das categorías:
 - (sub-14)
 - (sub-18)

As parellas formaranse cos xogadores inscritos no master.

PREMIOS

1. Os/As xogadores/as recibirán os seguintes premios:
 - a. Campión/Campiona do Máster Alevín:
 - 300 € en material deportivo.
 - Beca 100% para desprazamento coa FGT ao primeiro torneo de referencia do programa TRC.
 - b. Campión/Campiona do Máster Infantil:
 - 300€ en material deportivo.
 - WC para o Campionato de España por Comunidades Autónomas.
 - c. Campión/Campiona do Máster Cadete:
 - 300€ en material deportivo.
 - d. Campión/Campiona do Máster Júnior:
 - 300 € en material deportivo.

- e. Subcampións/Subcampioas do Máster en todas as categorías:
 - 200€ en material deportivo.
 - f. Semifinalistas do Máster en todas as categorías:
 - 100€ en material deportivo.
2. O reparto de premios total ao longo do Circuito será de 9.000€ en material deportivo.
 3. É obrigatorio asistir as entregas de premios para poder recibir os trofeos e premios.

INFORMACIÓN PROBAS

A Federación Galega de Tenis publicará toda a información da competición (bases, inscrición, orden de xogo, cadros) na súa páxina web www.fgtenis.net.

CONTACTO

- circuitoxuvenil@fgtenis.net
- 667 688 432

